



Excmo. Concello de Baiona

## BASES XERAIS DO CURSO DE INFORMÁTICA BÁSICA

A Concellería de Novas Tecnoloxías e o Departamento de Traballo e Desenvolvemento Local do concello de Baiona seguindo as políticas activas de desenvolvemento de formación e emprego, en aras de mellorar os coñecementos e habilidades formativas e de empregabilidade da cidadanía do concello e concretamente neste caso o achegamento ás Novas Tecnoloxías da Comunicación (NTC) convoca un curso de carácter presencial denominado “CURSO DE INFORMÁTICA BÁSICA”

1. **Denominación do Curso:**

### “CURSO DE INFORMÁTICA BÁSICA”

2. **Obxectivo xeral:**

Con este curso pretendese ensinar as personas que carezan de coñecementos no ámbito das novas tecnoloxías da comunicación, cómo utilizar as funcións básicas de Windows nun ordenador e como conectarse por Internet ó mundo.

3. **Carga lectiva:**

O Curso terá unha carga lectiva de 40 horas.

4. **Programa do Curso:**

- 1- Breve Introdución a informática (3 horas)
- 2- Conceptos básicos dos compoñentes do ordenador (4 horas)
- 3- Escritorio e o seu entorno (configurar a pantalla) (4 horas).
- 4- Manexo de ventanas. (4 horas)
- 5- Escribir co ordenador (3 horas)
- 6- Os ficheiros (crear un ficheiro, gardalo nunha carpeta, modificalo e pesquisar un arquivo) (4 horas)
- 7- Configurar a pantalla, ratón e impresora (2 horas)
- 8- Explorador de Windows (4 horas)
- 9- Comunicarse utilizando Internet (crear unha conta de correo) (4 horas)
- 10- Navegar por Internet (4 horas)
- 11- Buscar información na web (Google, Wikipedia) (4 horas)



**Excmo. Concello de Baiona**

**5. Requisitos dos/as participantes:**

Os/as participantes deben reunir dous requisitos para poder participar no curso

a).- Estar empadroad/a no concello de Baiona con data anterior a esta convocatoria. (En caso de non cubrirse as prazas se admitirán demandantes de os concellos da Mancomunidade do Val Miñor)

b) .- Non poseer coñecementos previos de informática

**6. Numero de prazas:**

As prazas que se ofertan son 12

**7. Data de inicio: 28 de xaneiro de 2014**

**8. Data de finalización: 27 de febreiro de 2014**

**9. Cronograma: 28,29, 30 e 31 de xaneiro de 2014 4,5,6,7, 11,12 de febreiro de 2014**

**10. Días e horario: De martes a venres de 10:00 a 14:00.**

**11. Lugar de realización: Centro Antena "A Foz do Miñor" R/ Julian Valverde s/n (Baiona).**

**12. Prezo: O curso terá un prezo de 15 euros/persoa consorte o artigo 5 da *Ordenanza Municipal reguladora do prezo público esixido pola prestación de actividades e servizos dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Benestar e Igualdade.* (BOP 15/05/2008).**

**14. Selección do alumnado:** Unha vez rematado o prazo de presentación de Instancias realizarase pola Comisión de Valoración formada polos técnicos/as do concello, previamente designados unha selección en base aos criterios seguintes criterios sendo para súa acreditación ter presentado en tempo e forma a instancia presentación da oportuna documentación probatoria e asemade.

Para a súa acreditación, será necesario presentar a documentación probatoria oportuna así coma informes elaborados por técnicos/as das diferentes administracións con competencias nestas áreas. Ao mesmo tempo, a Comisión poderá facer aos/ás aspirantes as preguntas que considere necesarias para a aclaración de calquera destes criterios. A valoración destes criterios, que teñen carácter acumulativo tendo un máximo de puntuación de 5 puntos.

- **Mulleres.** Valorarase como criterio preferente en aplicación dos criterios de discriminación positiva das políticas activas de emprego recollidas na Orde de regulación deste programa .....0,10 puntos.



## Excmo. Concello de Baiona

- **Mulleres vítimas de violencia de xénero** . Valorarásese como criterio preferente o feito de ser vítima de violencia de xénero debidamente acreditado pola orden de alonxamento, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza de recoñecemento de vítima de malos tratos .....0,55 puntos.
- **Tempo en desemprego:** Valorarásese so o acreditado polo/a aspirante mediante informe do SPE dos períodos de inscrición dende a derradeira alta por inscrición no mesmo 0,10 por mes ata un máximo de.....0,90 puntos.
- **Existencia de responsabilidades familiares:** Valorarásese a existencia de responsabilidades familiares do/a aspirante do seguinte xeito 0,10 por ter o cargo a fillo/a menores de vinte e seis anos, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as ata un máximo de .....0,90 puntos.
- **Existencia de discapacidade ou minusvalía no aspirante:** Valorarásese como criterio de selección a concurrencia no/a aspirante de minusvalía ou discapacidade funcional, motora ou psicolóxica sempre e cando non sexa de tal entidade que imposibilite a realización do traballo.....ata un máximo de 0,75 puntos.
- **Concurrencia de nivel de desemprego:** Valorarásese como criterio de selección como colectivo prioritario as persoas paradas que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito 0,10 puntos/mes dende que se esgotou calquera prestación e/ou subsidio ata un máximo de..... 0,90 puntos.
- **Integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios de renda de integración social de Galicia (RISGA).** Valorarásese como criterio de selección a pretensa a colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social ata un máximo de .....0,90 puntos (a consideración de un dos criterios neste punto excluírá a valoración de outro criterio neste mesmo punto)

(Terán a consideración de integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión as seguintes persoas):

- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.
- Persoas internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.
- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.



## Excmo. Concello de Baiona

- Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral. Transexuais ou en proceso de reasignación sexual.
- Menores internos incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os/as que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.
- Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.
- Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
- Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares. Persoas que forman parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

No suposto de haber máis solicitudes que prazas e que varias teñan a mesma puntuación polos criterios recollidos anteriormente, se realizará pola Comisión de valoración un sorteo ao chou para determinar a adxudicación definitiva das prazas.

### **Solicitudes e Lugar de Inscripcións:**


Rexistro Xeral do Concello de Baiona. Casa do Concello. R/ Lorenzo de la Carrera, 17 (Baiona).

Télefono de información: 986 38 50 50

**Prazo de presentación de instancias o prazo iniciase o día 8 de xaneiro de 2014 e reamatará o 17 de xaneiro de 2014**

Baiona a 26 de decembro de 2013.

O Alcalde-Presidente.



Asdo. Jesús Vázquez Almuiña.



**Excmo. Concello de Baiona**  
Concellería de Traballo.

***Ficha de Inscripción: Curso de Informática Básica***

---

Nome e apelidos:
N.I.F.:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico:

**Baiona a de xaneiro de 2014.**

O/a Solicitante.

Asdo.- .....

*De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Personal de conformidade co Establecido na Lei Orgánica 15/1999 , do 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) infórmase ó interesado que estos datos incorpóranse ó fichero automatizado de propiedade do Concello de Baiona con domicilio na rúa Lorenzo de la Carrera s/n de Baiona 36300. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola lei. O relleno desta solicitude autoriza a utilización dos seus datos persoais exclusivamente para o fin solicitado*

Documentación a acompañar:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Certificado (de selo caso) dos Períodos de Inscripción no Servizo Público de Emprego.
- Certificado (de selo caso) de non estar percibindo algun tipo de prestación por desemprego Renta Activa de Inserción (RAI), un Programa Temporal de Protección por Desemprego PRODI ou outra prestación asistencial ou contributiva do Servizo Público de Emprego.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de demanda de emprego.
- Calquera documento probatorio das circunstancias da BASE 13 destas bases de convocatoria (certificado de minusvalía, orde de alonxamento, certificado dos servizos sociais do concello ou organismo público competente da súa pretensa a colectivo de exclusións etc.).

